

**Artigo 2º.-Asignación de funcións.**

De acordo co establecido no Decreto 37/2007, do 15 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, asígnanselle á citada consellería, as funcións e servizos asumidos. As referidas funcións e servizos serán exercidas pola Secretaría Xeral.

**Artigo 3º.-Efectividade do traspaso.**

A asunción de funcións obxecto deste decreto terá efectividade a partir da data sinalada no acordo da Comisión Mixta, de acordo co disposto no Real decreto 1141/2007.

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento deste decreto e para adoptar as medidas precisas para a plena efectividade e executividade práctica das funcións e servizos traspasadas.

Segunda.-Este decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, seis de setembro de dous mil sete.

Emilio Pérez Touriño  
Presidente

José Luis Méndez Romeu  
Conselleiro de Presidencia, Administracións  
Públicas e Xustiza

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

*Corrección de erros.-Orde do 6 de setembro de 2007 pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.*

Advertidos erros na devandita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 177, do 12 de setembro de 2007, cómpre facer as seguintes correccións:

Na páxina 15.039, punto 6, alínea m), onde di: «Sen prexuízo do indicado no punto anterior, poderá ser aplicado o expresado no punto 9º do artigo 4 para as materias opcionais, coa finalidade de atender a diversidade en ámbitos rurais, pequenos núcleos de poboación e/ou outras circunstancias que así o aconsellen»; debe dicir: «Sen prexuízo do indicado no punto anterior, poderá ser aplicado o disposto no punto 5º i) para as materias opcionais, coa finalidade de atender a diversidade en ámbitos rurais, pequenos núcleos de

poboación e/ou outras circunstancias que así o aconsellen».

Na páxina 15.040, punto 10, alínea d), onde di: «artigo 9 do Decreto 133/2007»; debe dicir: «artigo 10 do Decreto 133/2007».

**CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN  
E INDUSTRIA**

*Orde do 7 de setembro de 2007 sobre avais de acceso á rede de distribución de enerxía eléctrica.*

Entre os cambios introducidos nos últimos meses na normativa reguladora do sector eléctrico, atópanse aqueles que, por referirse especificamente ao réxime especial de produción de enerxía eléctrica, afectan o ámbito de competencias da Comunidade Autónoma de Galicia.

En concreto, as modificacións incorporadas ao Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, a través do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial, e que se refiren á necesidade de depositar un aval para iniciar os procedementos de acceso e conexión á rede de distribución das novas instalacións de produción en réxime especial, determinan a necesidade de desenvolver o procedemento a través do cal se determine a contía do devandito aval e o seu depósito, así como os supostos de cancelación e execución.

Consonte o Decreto 231/2006, do 23 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Innovación e Industria, é esta o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponde o exercicio das competencias e funcións no ámbito da enerxía.

Na súa virtude, no exercicio das facultades que me foron conferidas con base no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia,

**DISPOÑO:**

Capítulo 1

Obxecto e ámbito de aplicación

Artigo 1º.-Obxecto.

O obxecto desta orde é regular o procedemento para o depósito, cancelación e execución dos avais necesarios para tramitar as solicitudes de acceso á rede de